


Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

### Como se comunican os golfiños?

Os golfiños poden emitir moitos sons variados e interpretar o eco que se produce ao bater eses sons cos corpos que están ao seu redor. Este proceso coñécese co nome de ecolocación.

O golfiño pode calcular a distancia á que se atopa un obxecto ou outro ser vivo segundo o tempo que tarda en volver o son que produciu. Canto máis lonxe se atopa, máis tarda en oír o eco. A medida que a distancia diminúe, o tempo que tarda en volver tamén é menor. Así, o golfiño obtén información sobre a situación dos corpos que ten ao redor.



Ademais de poder determinar a distancia, o rumbo, o tamaño e ata a textura de diferentes obxectos, a ecolocación tamén serve para comunicarse.

Nun experimento colocáronse dous golfiños en dous tanques de auga diferentes que tiñan un intercomunicador. Cando se abría o altofalante dese «teléfono», os golfiños intercambiaban golpiños e asubíos respectando a quenda de palabra. En definitiva, estaban conversando!

### **1** Que tipo de animal é un golfiño? Describe todas as súas características.



---

---

---

---

---

**2** Contesta.

- A que chamamos ecolocación?

---

---

---

- Para que lles serve aos golfiños a ecolocación?

---

---

- Describe coas túas palabras o experimento que se levou a cabo cos dous golfiños.

---

---

---

**3** Observa a imaxe e inventa un posible diálogo entre o golfiño e o neno.

---

---

---

---

---

---

---

---



**4** Existen outros animais que tamén usan a ecolocación: os morcegos. Busca información sobre eles e describe como son.

---

---

---

---

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

**Cal é o crocodilo máis grande?  
E o máis pequeno?**

Os crocodilos viven no noso planeta dende hai 65 millóns de anos. Pouco mudaron desde entón, unicamente no tamaño. Ao principio había especies moi grandes, como o *Sarcosuchus imperator*, que medía 12 metros de longo.

Hoxe en día, o crocodilo máis grande, das 23 especies que sobreviven, é o crocodilo mariño, que chega aos 7 metros de longo. Vive en Australia e é un gran nadador. Chega a percorrer ata 12 metros nun segundo.

O crocodilo máis pequeno é o caimán de Cuvier, que habita nas concas dos ríos Amazonas e Orinoco. O macho pode chegar a medir un metro e medio, e a femia, 30 centímetros menos. Caracterízase por ter a pel moi dura, o que o fai moito máis resistente ante os seus principais inimigos: os xaguares e as persoas.



Crocodilo mariño.



Cría de caimán de Cuvier.

**1** **Contesta.**

- Cantos anos hai que existen os crocodilos?

\_\_\_\_\_


- Canto podía medir o antepasado máis grande dos crocodilos actuais?

\_\_\_\_\_

- Das especies que aínda existen, como se chama o crocodilo máis grande?  
E o máis pequeno?

\_\_\_\_\_

**2** No seguinte debuxo, pinta de distintas cores as partes principais do crocodilo e sinala nos recadros as cores que utilizaches.



mandíbula

rabo

patas

ollos

**3** Seguro que oíches algunha vez a expresión «son bágoas de crocodilo». Infórmate sobre que quere dicir esta frase feita e por que se di.

---



---



---



---



---

**4** Colorea de azul o lugar onde vive o crocodilo mariño e de vermello aquel en que vive o caimán de Cuvier.

